



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 01 DE FEBREIRO DE 2013.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E QUINCE MINUTOS** do venres día **UN DE FEBREIRO DE DOUS MIL TRECE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria (convocada pola Alcaldesa o 31 de xaneiro de 2013), coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ e D^o MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ e D^o KLAUS BREY MONTAÑA** e da Secretaria da Corporación **CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

Interventora do Concello: Non asiste.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1.- APROBACIÓN DE ACTA ANTERIOR:

- Acta da sesión extraordinaria de 14 de xaneiro de 2013

2.- DAR CONTA DO ESCRITO PRESENTADO POLA CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CONDISCAPACIDADE (COGAMI) DE DATA 25.01.13

3.- SOLICITUDE DE HÉCTOR IGLESIAS FERNÁNDEZ PARA CAMBIO DE VEHÍCULO DA LICENZA DE AUTOMÓVILES DE SERVICIO PÚBLICO - TAXI, CLASE B, Nº 5

4.- SOLICITUDE DE TRANSMISIÓN DA LICENZA DE AUTOMÓVILES DE SERVICIO PÚBLICO - TAXI, CLASE B, Nº 1

5.- SOLICITUDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DOS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO.

6.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DAS SUBVENCIONS CULTURAIS.

1º.- APROBACIÓN DE ACTA ANTERIOR:

- Acta da sesión extraordinaria de 14 de xaneiro de 2013

Preséntanse para aprobación esta acta:

- Acta da sesión extraordinaria de 14 de xaneiro de 2013



A Alcaldesa pregunta si hai observacións ou correccións en relación as actas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Aprobar a acta da Xunta de Goberno Local que se detalla:

- Acta da sesión extraordinaria de 14 de xaneiro de 2013

(Serán transcritas ó Libro de Actas da Xunta de Goberno Local)

2º.- DAR CONTA DO ESCRITO PRESENTADO POLA CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) DE DATA 25.01.13

Pola Alcaldesa dase conta do escrito presentado pola Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), e asinado polo seu presidente, Anxo Queiruga Vila, de data 25 de xaneiro de 2013, Rexistro de Entrada nº 467, de data 30 de xaneiro de 2013, que literalmente di:

"Estimada Alcaldesa:

Pola presente, comprácenos comunicarlle que COGAMI ven de recibir o Permiso de Inicio de Actividades da Xunta de Galicia, para o Centro de Recursos para Persoas con Discapacidade de Medelo, sito en Manduas, lugar de Medelo s/nº, en Bandeira - Silleda.

Grazas a este permiso, as actividades que esta entidade viña desenvolvendo nas dependencias Casa da Cultura R/ José Antonio Nº 41, cedidas polo Concello que vostede preside, trasladaranse ao Centro de Recursos de COGAMI en Medelo.

Quero aproveitar a presente comunicación tamén, para transmitirllle o noso agradecemento pola colaboración que este Concello nos ven prestando e poñerme ao seu dispor para o que considere oportuno.

Sen outro particular, reciba un cordial saúdo.

*Asdo. Anxo Queiruga Vila
Presidente"*

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3º.- SOLICITUDE DE HÉCTOR IGLESIAS FERNÁNDEZ PARA CAMBIO DE VEHÍCULO DA LICENZA DE AUTOMÓVILES DE





Concello
de
Silleda

SERVICIO PÚBLICO - TAXI, CLASE B, Nº 5

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Visto o escrito presentado por Dº Héctor Iglesias Fernández, de data 28 de xaneiro de 2013, Rexistro de Entrada nº 426, de data 28 de xaneiro de 2013, con enderezo na rúa Santa Eulalia, nº 7-3ºA (Silleda), que expón que é titular da licenza municipal de servizo público de taxi nº 05, co vehículo marca RENAULT, matrícula 5340-FDH, e solicita autorización para o cambio de vehículo polo marca VOLKSWAGEN, modelo JETTA, matrícula 0626-HNP.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Acceder ó solicitado, e autorizar a Dº Héctor Iglesias Fernández, para substituír o vehículo marca RENAULT, matrícula 5340-FDH, polo vehículo marca VOLKSWAGEN, modelo JETTA, matrícula 0626-HNP, previo abono das taxas oportunas.

4º.- SOLICITUDE DE TRANSMISIÓN DA LICENZA DE AUTOMÓVILES DE SERVICIO PÚBLICO - TAXI, CLASE B, Nº 1

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Visto o escrito presentado por Dº Alejandro Rodríguez Serrada, de data 28 de xaneiro de 2013, Rexistro de Entrada nº 421 de data 28 de xaneiro de 2013, como titular da licenza municipal de autoturismo clase B) nº 01, para o vehículo marca Renault, modelo Fluence, matrícula 2496-GWR, solicitando a transmisión da citada licenza municipal a favor do chófer, que ten asalariado cunha antigüidade de mais de un ano, DºEliseo Villar Lorenzo, que prestará servizos co mesmo vehículo.

Vista a documentación aportada coa solicitude.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Conceder a transmisión da licenza municipal de autoturismo clase B) nº 01, a favor de DºEliseo Villar Lorenzo, que prestará o servizo co vehículo marca Renault, modelo Fluence, matrícula 2496-GWR.

5º.- SOLICITUDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO DOS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO.

Xunta de Goberno Local de 01 de Febreiro de 2013



Visto o escrito remitido por Espina & Delfin S.L. de data 31 de xaneiro de 2013, (Rexistro de Entrada nº 484, de data 30 de xaneiro de 2013), remitindo relación de **solicitudes de abastecemento e saneamento** para súa aprobación correspondentes ós meses de outubro, novembro e decembro de 2012 (Asunto: Listados Nº 10, 11 e 12) e que se relaciona a continuación:

Listado Nº 10) Mes de outubro 2012

Importe: 546,91 €

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Miguelez Souto Juan	Lg Agriño, 7 - O Castro
Nogueira Villaverde Manuel	Avda do Parque, 53-2B - Silleda
Bouzada Rodríguez Manuel	Rúa Progreso, 22-1A - Silleda
Casal Lois Jos M Saturnino	Tv Repúb. Argentina s/n-2G - Silleda
Castro Veleiro Manuel	Rúa Xeral, 53-2H - Bandeira
Fernández Cuñarro Luis	Tv Repúb. Argentina s/n-4H - Silleda
Moreno Blanco SC	Rúa Repúb. Argentina 4 bx - Silleda
Peña Ferreiro M Magdalena	Lg. Redondo, 9 - Vilar
Lópes Menezes Jorge Carlos	Rúa Alfonso Trabazo, 22 At - Silleda
Temes Alonso MariCarmen	Lg. Maragouzos, 8 - Saidres
Baulde Salvador Tomás	Rúa Xeral, 53-1F - Bandeira
Arrebola Prieto Silvina Natalia	Rúa Xeral, 53-1E - Bandeira
Lópe López José Ramón	Lg. Barral, 6 - Vilar
D Y M Bouzada Rodríguez S.C.	Lg. Taboadavella, 31 - Taboada
Ramos Vázquez Laura	Rúa Xeral, 51-1A - Bandeira
Eiriz Abonio Salvador	Lg. Carral, 10 - Taboada

Listado Nº 11) Mes de novembro 2012

Importe: 246,41 €

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Varela Mosquera Nicolás Germán	Lg. Carral, 7 - Taboada
Caballero del Buey Leonor	Rúa D, 8-3F - Silleda
Pena Gómez Marcos	Rúa Repúb. Argentina 5-3B - Silleda
Jiménez Iglesias María Isabel	Rúa Repúb. Argentina 11-3E - Silleda





Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Sesar Conde Amaya	Rúa Repúb. Argentina 6 bx - Silleda
Novoa Gallego Alfredo	Rúa María Colmeiro, 41 bx - Silleda

Listado Nº 12) Mes de decembro 2012

Importe: 30,05 €

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Arrebola Prieto Macarena Soledad	Rúa Xeral, 51-1D - Bandeira

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar aprobación ós listados anteriormente mencionados

6º.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DAS SUBVENCIÓNS CULTURAI.

(Incorpórase á sesión o Concelleiro Antonio Couso Álvarez)

A Alcaldesa da a palabra ó Cncelleiro de Cultura, Matías Rodríguez da Torre, que explica o asunto e o informe de Intervención "Asunto: Xustificación das subvencións concedidas ás Asociacións Culturais do Concello de Silleda. Exercicio 2012".

Visto o expediente e visto o Informe de Intervención "Asunto: Xustificación das subvencións concedidas ás Asociacións Culturais do Concello de Silleda. Exercicio 2012".

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por decreto de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda a aprobación da conta xustificativa das subvencións culturais**. Polo Departamento de Cultura remitirase a cada colectivo una notificación das cuestións que deben mellorar na xustificación.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as trece horas e vinte e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretaria xeral, dou fe e certifico.

Silleda, a 01 de febreiro de 2013.

Vº e Prace
A ALCALDESA,

Asdo. Paula Fernández Pena

Dou fe. A secretaria xeral

Asdo. Cristina Alonso Losada

